



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONTRATACION PERSOAL LABORAL TEMPORAL BRIGADA DE INCENDIOS LARACHA 1 (XEFE DE BRIGADA)

EXPEDIENTE: 2023/G003/001079

O Concello asinou o correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023.

Esta alcaldía estima, que a contratación de 2 xefes de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, e 8 peóns de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais é unha necesidade urxente e inaprazable, que afecta ao funcionamento dun servizo público.

Realizado o proceso de selección para a contratación de 2 xefes de brigada e 8 peóns de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais o tribunal, o pasado 21 de xullo de 2023, propón a esta alcaldía a contratación dos seguintes aspirantes:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|-------------------------|------------|
| PATIÑO EGEA, DIEGO | 32****93E |
| MAIGLER GARCIA, ALBERTO | 47****75M |

Non existe lista de substitución por falta de candidatos.

Diego Patiño Egea presenta a súa renuncia e Alberto Maiger García acepta o posto de xefe de brigada.

Segundo o convenio asinado é imprescindible un xefe de brigada para conformar as brigadas forestais polo que, só é posible, polo momento, compoñer unha brigada forestal á espera de autorización de facer unha segunda convocatoria do proceso selectivo.

Presentada a documentación requirida para a súa contratación por parte do aspirante no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Contratar temporalmente a persoa que se indica como como xefe de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais para a brigada LARACHA 1.

| APELIDOS E NOME | DNI | POSTO |
|-------------------------|------------|-----------------|
| MAIGLER GARCIA, ALBERTO | 47****75M | Xefe de brigada |





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Datos de contratación:

| | |
|---------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|
| Tipo de contrato | Contrato laboral duración determinada por circunstancias da produción |
| Denominación do contrato | Xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios |
| Xornada | Completa (37,5h/semana) |
| Código do contrato | 402 |
| Grupo de cotización | 3 |
| Tabla CNO | 5932 |
| Colectivo traballador | 967 |
| Inicio do contrato | 01/08/2023 |
| Fin de contrato | 31/10/2023 |
| Período de proba | 15 días |
| Retribución mensual bruta | 1.489,95 (incluídos tódolos conceptos retributivos e pagas extras prorrateadas). |

Segundo.- Dar conta da presente Resolución ao departamento de Tesourería para a realización dos contratos e inclusión en nómina das persoas seleccionadas.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretario accidental, Juan Carlos Antelo Martínez, dou fe.

